

SOLICITUDE NOVO SOCIO

Nome:
DNI:
Data nacemento:
Dirección:
C.P.: **Provincia:**
Tlf.:
E-mail:

Desexo formar parte como socio de nº da AGRUPACIÓN DEPORTIVO NATURAL de pesca e comprometome a pagar as cuotas sociais e a cumprir todas as normas recollidas nos Estatutos e as aprobadas polo Presidente e Xunta Directiva, disfrutando dos dereitos e beneficios que me correspondan como socio.

Asdo:

Att.: Presidente A.D. NATURAL

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (Regulamento Xeral de Protección de Datos), poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, olvido, oposición e portabilidade, respecto dos seus datos persoais, enviando un escrito acompañado do seu DNI, dirixido a AGRUPACIÓN DEPORTIVO NATURAL, con domicilio social en Ctra. Do Carballiño 134, San Cristovo. 32416, Ribadavia. Ourense.

OUTROS RIOS DE O RIBEIRO

- Arnoia: Libre. Talla mínima 21 cm. Ten un TLPSM de 0,45 Km.
- Barbantiño: Couto de pesca sen morte no seu curso medio e inferior.
- Brull: **Vedado.**
- Cerves: **Vedado.**
- Deva: Couto tradicional no seu curso medio e inferior. Talla mínima 21 cm.
- Maquiáns: **Vedado.**
- Miño: Encoros de Castrelo e Frieira. Talla mínima de troita 23 cm. Pesca todo o ano de ciprínidos autóctonos, carpa e black-bass. Posibilidade de pesca a flote.

E POR ÚLTIMO PEDIMOSCHE

- Non tires basura no entorno do río.
- Procura non alterar o medio fluvial.
- Respeita a lexislación de pesca fluvial.
- Anímate a probar a pesca sen morte.

¡ Faite socio e obten a licenza federativa xa que cubre os accidentes que teñas pescando. Non é soamente “para competir” !

Máis información:

Tlf.: 699 954 985

www.adnpescaribadavia.es

gabriel@adnpescaribadavia.es



¿QUEN SOMOS?

Somos unha asociación deportiva aberta a todo pesco e sen ánimo de lucro. Temos uns 75 socios, todos con licenza federativa que tratamos de fomentar a pesca deportiva e a conservación, protección e mellora do medio fluvial. Temos convenio de xestión do Couto de Ribadavia.

Actividades que realizamos:

- Participación en todo tipo de competicións.
- Organización do Concurso de Pesca de O Ribeiro e do Trofeo Infantil e Xuvenil Jesús Martínez “Suso”.
- Fomento da pesca sen morte.
- Limpeza de ríos.

Ademáis somos Entidade Colaboradora de Pesca Fluvial da:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

O RIO AVIA

COUTO DE PESCA TRADICIONAL

No 2019 o noso club ten a xestión compartida de este couto polo que os socios disporán en exclusiva de **6 permisos os fins de semán e festivos e 4 o resto de días**. Ademais os xoves pódese pescar sen morte e dende o 1 de Agosto ata o 30 de Setembro tamén. Os luns non se pode pescar. **A cota de capturas é de 4 por pescador e día cunha talla mínima de 21 cm.**

Os permisos do club podense obter en: **RESTAURANTE A QUINZA**. Ctra. N-120 Km. 557, Ribadavia. Tlf.: 988 472 472

O couto ten 8,1 Km. dende a ponte de As Poldras de Leiro ata a presa do Muiño de San Cristovo.

TRAMOS LIBRES DE PESCA SEN MORTE

No 2019 o río Avia contará con dous tramos libres de pesca sen morte. Un augas arriba do couto e outro augas abaixo:

- 1. TLPSM Superior:** comeza na restitución da central eléctrica de Albarellos (Boborás) no río Avia e no Pozo dos Fumes no Arenteiro. Finaliza na Volta de Valfrío (Leiro) con 3 Km. de lonxitude.
- 2. TLPSM Inferior:** está en Ribadavia e vai dende a Presa da Veronza ata a ponte do Ferrocarril. Ten 800 m. de lonxitude.

Nos TLPSM podese pescar ata o 30 de Setembro.

TRAMOS LIBRES


O resto do río Avia é libre pero con diferentes tallas mínimas de captura.

- Dende o seu nacemento en Avión e ata o encoro de Albarellos, a talla mínima é de 19 cm.
- No encoro de Albarellos a talla mínima é de 23 cm. e pódese pescar todo o ano ciprínidos autóctonos. Tamén se pode practicar a pesca a flote.
- Dende a presa ata a restitución da central a talla volve a ser de 19 cm.
- Despois da Volta de Valfrío e ata o límite superior do Couto de Ribadavia é zona libre con talla mínima de 21 cm.
- Dende o límite inferior do Couto de Ribadavia e ata a presa da Veronza é zona libre con talla mínima de 21 cm.
- Por último dende a ponte do Ferrocarril de Ribadavia ata a desembocadura volve a ser libre con talla mínima de 21 cm.



¿POR QUÉ PESCAR SEN MORTE?

- Porque hoxe en día non temos necesidade de pescar troitas para comer.
- Porque o número e o tamaño das troitas aumenta nos ríos que teñen tramos de pesca sen morte.
- Porque así axudas a conservar as escasas poboacións de troita autóctona.



DESANZOLADO E SOLTA:

- Mollar as mans antes de coller a troita, pera danar o menos posible a súa pel e defensas.
- Desenganchar o anzol co máximo cuidado para ferir o menos posible a troita e a ser posible facer a manobra coa troita dentro da auga.
- Se a troita lle costa reaccionar ao devolvela a auga realizar unha suave masaxe na zona ventral.
- Manter a troita fora da auga o menor tempo posible. Pensa que para a troita a súa captura é parecido a que nos correramos 400 m. lisos ao máximo e o rematar nos meteran a cabeza baixo a auga.